

MANS À TERRA

Bases concurso

V2 05.02.2026



Bases reguladoras do concurso escolar

Mans á Terra

Contido

1	Que é Mans á Terra!.....	2
2	Quen pode participar	2
3	En que consiste o reto ambiental.....	2
4	Que debe ter todo reto para ser válido	3
5	Proposta de temáticas	3
6	Como participar.....	4
7	Documentación que se debe presentar	5
8	Presentación do reto.....	5
9	Criterios de valoración	6
10	Premios.....	8
11	Calendario	8
12	Difusión e autorización de imaxes	9
13	Outras disposicións	9
13.1	Interpretación das bases.....	9
13.2	Renuncia ou desistencia	9
13.3	Axustes organizativos	9
14	Contacto e acompañamento.....	10
15	Protección de datos.....	10

Bases reguladoras do concurso escolar Mans á Terra

1 Que é Mans á Terra!

Mans á Terra! é un concurso escolar dirixido a centros de Educación Primaria de Galicia que quere animar ao alumnado a **pasar á acción** fronte aos retos ambientais actuais.

A través deste concurso, os centros participantes desenvolverán un **reto ambiental**, deseñado e levado a cabo polo propio alumnado, co acompañamento do profesorado, e adaptado á realidade do seu centro, da súa contorna e da súa comunidade.

Valóranse especialmente aquelas iniciativas que, desde a acción, **fomenten a responsabilidade ambiental, o pensamento crítico e o coidado activo do territorio.**

2 Quen pode participar

- a) Poderán participar todos os centros de Educación Primaria de Galicia, con independencia de que pertencen ou non aos concellos aliados de **O Camiño Sostible**.
- b) A participación realizarase por aulas, entendendo cada aula como un grupo de alumnado. O número de alumnos/as por aula poderá variar segundo a realidade de cada centro, sendo arredor de 25 alumnos/as por aula unha referencia orientativa.
- c) No caso de centros con aulas de menor tamaño, poderán xuntarse dúas aulas para participar conxuntamente nun mesmo reto ambiental.
- d) Un mesmo centro educativo poderá presentar **tantas aulas ou grupos-aula como desexe**, sempre que **cada aula ou grupo de aulas desenvolva o seu propio reto ambiental**. O concurso valórase **por aula ou grupo participante**, non por centro educativo.

Os centros nos que se impartan as **charlas de xestión de residuos** contan con máis facilidades para coñecer e activar o concurso, se ben non constitúe un requisito obrigatorio para participar. Así mesmo, os centros pertencentes aos concellos aliados de **O Camiño Sostible** contarán cunha puntuación adicional na avaliación final, como recoñecemento ao seu compromiso coa educación ambiental e coa sostibilidade ao longo do ano.

3 En que consiste o reto ambiental

Cada aula deberá deseñar e levar a cabo un **reto ambiental ou de sostibilidade**, elixido libremente pola propia aula, tendo en conta a súa realidade e intereses.

O reto debe:

- Estar relacionado coa **sostibilidade e a concienciación ambiental**
- Implicar de forma activa ao **alumnado de Primaria**
- Xerar un impacto positivo a nivel local, xa sexa no propio centro educativo e nas familias ou na contorna próxima.

4 Que debe ter todo reto para ser válido

Para participar no concurso, o reto debe cumprir con estes puntos básicos:

- **Participación activa do alumnado:** o alumnado debe ser protagonista do reto, non só espectador.
- **Acción real:** non se aceptan traballos só teóricos. O reto debe incluír accións concretas.
- **Concienciación ambiental:** o reto debe axudar a entender un problema ambiental e promover cambios de hábitos.
- **Documentación do proceso:** será necesario deixar constancia do traballo realizado (ver punto 7).

5 Proposta de temáticas

As seguintes temáticas preséntanse unicamente a modo orientativo, co obxectivo de inspirar e facilitar a elección do reto ambiental. As aulas poderán escoller calquera delas, combinalas entre si ou propoñer outras temáticas, sempre que a proposta estea claramente relacionada coa sostibilidade ambiental.

Tendo en conta o momento do curso escolar no que se desenvolve o concurso, os centros educativos **non están obrigados a crear un proxecto novo desde cero**. Poderán participar tamén mediante a **continuidade, mellora, adaptación ou posta en valor de proxectos, iniciativas ou actividades de carácter ambiental** que xa se estean a desenvolver no centro, sempre que se reformulen como un reto ambiental e se documente o seu impacto.

Residuos e reciclaxe

Separación e correcta xestión dos residuos xerados no centro educativo, incluíndo aulas, patios, espazos comúns e comedor escolar (con especial atención á separación do aceite usado), desenvolvemento de prácticas de compostaxe da fracción orgánica, redución do lixo xerado e promoción da reutilización de materiais, achegando ao alumnado unha visión práctica da economía circular a través da súa participación activa.

Auga

Aforro e uso responsable da auga, mediante accións de sensibilización, comunicación e mellora de hábitos, a aplicación de medidas prácticas de uso eficiente e reaproveitamento, e o coidado dos ríos, fontes e ecosistemas acuáticos da contorna.

Enerxía

Aforro e uso responsable da enerxía no centro educativo e no fogar. Mellora de hábitos cotiáns como o apagado de luces e dispositivos ou o aproveitamento da luz natural. Accións de sensibilización e comunicación elaboradas polo alumnado para fomentar un consumo enerxético responsable. Coñecemento básico das enerxías renovables e do seu papel na protección do medio ambiente.

Biodiversidade e natureza

Creación de patios verdes, hortos escolares e elementos de apoio á biodiversidade como casiñas para paxaros ou hoteis de insectos. Observación, coidado e protección da fauna e da flora da contorna, promovendo o respecto polos ecosistemas próximos. Accións educativas orientadas á conservación da biodiversidade e á posta en valor do territorio.

Consumo responsable

Promoción de hábitos de consumo conscientes, fomentando a reutilización, a reparación e a segunda vida de roupa e obxectos. Inclúe accións como talleres de costura e reparación, intercambios de roupa ou xoguetes, iniciativas creativas de moda sostible (como desfiles ou exposicións con roupa reutilizada).

Fomento do consumo de produtos e o consumo de alimentos de tempada e de proximidade nas merendas e no comedor escolar.

Mobilidade sostible

Promoción de desprazamentos sostibles, camiños escolares seguros, uso responsable do coche, fomento de hábitos saudables e da relación entre medio ambiente e saúde, incentivando os desprazamentos a pé ou en bicicleta tanto do alumnado como do profesorado.

Ademais de escoller libremente a temática do reto, a organización poderá **plantexar unha problemática ambiental común**, relacionada coa sostibilidade, para que cada centro educativo a analice e propoña **a súa propia solución**, adaptada á realidade do seu centro e da súa contorna.

O reto consistirá en **identificar o problema, reflexionar sobre as súas causas e desenvolver accións concretas** que contribúan a xerar un impacto ambiental positivo e a concienciar á comunidade educativa.

6 Como participar

O centro formalizará a súa inscrición a través dun **formulario en liña**, no que se indicará: <https://forms.gle/kHDnreZnx3DtohMM8>

- centro educativo
- persoa de contacto
- grupo participante
- número de alumnos/as
- **breve descrición do reto ambiental proposto**

Unha vez recibida a inscrición, a organización revisará a proposta e porase en contacto coa persoa de referencia do formulario para confirmar a súa aceptación e indicar os próximos pasos.

Cada equipo participante contará cun ecotitor ou ecotitora, que será a persoa de referencia da organización e o canle principal de comunicación co centro educativo. Este ecotitor acompañará o proxecto ao longo de todo o proceso, ofrecendo orientación, resolvendo dúbidas e axudando a enfocar as accións ambientais.

Todas as consultas, seguimento e solicitudes de apoio realizaranse a través do ecotitor ou ecotitora asignado/a, quen poderá facilitar titorías a distancia ou presenciais sempre que o equipo o precise.

7 Documentación que se debe presentar


Unha vez rematado o reto, cada grupo participante deberá enviar á organización unha documentación final libre, que permita ao xurado coñecer o traballo realizado e valorar o proceso seguido e o impacto acadado.


A documentación poderá presentarse no formato que cada grupo considere máis axeitado, adaptado á idade do alumnado e á forma na que se desenvolveu o reto. Non se require un formato específico nin unha estrutura pechada.


A modo orientativo, a documentación poderá incluír un ou varios dos seguintes elementos:

 Pequena memoria, na que se conte:

- que reto ambiental se escolleu e por que
- que se fixo e como se desenvolveu
- quen participou
- que aprendizaxes ou cambios se produciron

 Fotografías do proceso de traballo e/ou do resultado final do reto.

 Vídeo curto (opcional, pero moi valorado), no que se mostre o desenvolvemento do proxecto, as accións realizadas ou a participación do alumnado.

 Outros materiais creativos elaborados polo alumnado, como carteis, debuxos, murais, presentacións, contos, maquetas, audios ou calquera outro soporte que axude a explicar o reto.

O importante non é a calidade técnica dos materiais, senón o contido, o compromiso e a implicación do alumnado, así como a capacidade do reto para xerar aprendizaxes e impacto ambiental.

Toda a documentación deberá remitirse por correo electrónico a concellos@permaeser.com, para a súa valoración polo xurado do concurso, integrado por persoal técnico da organización.

8 Presentación do reto

Unha vez valorada a documentación presentada, o xurado realizará unha selección dos proxectos finalistas.

Os 10 grupos finalistas deberán realizar unha presentación presencial do seu reto no propio centro educativo, ante o xurado do concurso.

- A presentación terá un formato completamente libre, podendo empregar presentacións dixitais, fotografías, vídeos, pósters, contos, maquetas ou calquera outro recurso creativo que se considere axeitado.
- O tempo máximo da presentación será de ata 25 minutos, incluíndo a exposición do alumnado e o intercambio de preguntas ou comentarios co xurado.
- O obxectivo da presentación será explicar o proceso desenvolvido, as accións realizadas e o impacto ambiental do reto, dando protagonismo ao alumnado participante.

9 Criterios de valoración

Os retos presentados serán avaliados por un xurado técnico da organización, tendo en conta os seguintes criterios xerais:

- Implicación e protagonismo do alumnado
- Creatividade e orixinalidade da proposta
- Mensaxe de concienciación ambiental
- Impacto positivo no centro educativo e/ou na contorna
- Capacidade do reto para xerar aprendizaxes e cambios de hábitos
- Coherencia cos valores da sostibilidade

Rúbrica de avaliación técnica:

A avaliación dos retos ambientais realizarase mediante a seguinte **rúbrica de avaliación técnica**, composta por **10 criterios**, cunha puntuación máxima de **10 puntos por criterio**, o que supón unha **puntuación máxima total de 100 puntos**.

Ademais da puntuación obtida na rúbrica de avaliación técnica (máximo **100 puntos**), os grupos pertencentes a centros educativos situados en **concellos aliados a O Camiño Sostible** obterán unha **puntuación adicional de 10 puntos**.

A puntuación final máxima do concurso poderá acadar os **110 puntos**.

CRITERIO	EXCELENTE (10)	NOTABLE (7)	BÁSICO (3)	INSUFICIENTE (0)
1. Adecuación á sostibilidade	O proxecto aborda claramente un problema ambiental real e propón solucións coherentes e ben fundamentadas	Relación clara coa sostibilidade, pero con menor profundidade	Relación superficial coa sostibilidade	Non se identifica enfoque ambiental
2. Implicación do alumnado	O alumnado participa activamente no deseño, desenvolvemento e avaliación do proxecto	Participación regular con apoio do profesorado	Participación puntual ou limitada	Proxecto dirixido case exclusivamente polo profesorado
3. Continuidade e constancia	Proxecto desenvolvido de forma continuada, con seguimento e rutinas claras	Proxecto con certa continuidade, aínda que irregular	Acción puntual ou de curta duración	Actividade illada sen continuidade
4. Comprensión do problema ambiental	O alumnado comprende causas, consecuencias e posibles solucións	Comprensión parcial do problema ambiental	Comprensión básica e pouco desenvolvida	Non se evidencia comprensión
5. Organización e planificación	Proxecto moi ben estruturado, con obxectivos e fases claras	Proxecto organizado con pequenos aspectos a mellorar	Organización básica e pouco detallada	Falta de planificación
6. Creatividade e innovación	Enfoque orixinal, creativo e innovador, adaptado á idade	Presenta elementos creativos	Creatividade limitada	Non se aprecian elementos creativos
7. Impacto no centro ou comunidade	Xera cambios reais e implica á comunidade educativa	Impacto claro dentro do centro	Impacto reducido e limitado	Non se aprecia impacto
8. Comunicación e presentación	Documentación clara, ordenada e moi ben presentada	Presentación correcta con aspectos mellorables	Presentación básica e pouco clara	Documentación incompleta ou desordenada
9. Traballo en equipo e actitudes	Excelente cooperación, reparto equilibrado de tarefas e actitude positiva	Boa cooperación con pequenos desequilibrios	Cooperación limitada	Falta de traballo en equipo ou actitude inadecuada
10. Adecuación á idade e autonomía	Proxecto perfectamente adaptado, con alto grao de autonomía do alumnado	Adequado á idade, con apoio frecuente do profesorado	Adaptación limitada á idade	Actividade non adaptada ao nivel educativo

10 Premios


O concurso **Mans á Terra!** contará cun **gran premio** e cunha serie de **accésits temáticos**, co obxectivo de recoñecer tanto a excelencia global como o valor específico dos distintos tipos de retos ambientais.

Gran Premio


O grupo gañador recibirá como premio unha **estancia educativa nunha granxa escola con pernocta**, que incluírá un programa de actividades ambientais e de contacto coa natureza.

Accésits temáticos

Ademais do gran premio, o xurado poderá conceder **accésits temáticos** a aqueles retos que destaquen especialmente nalgunha das seguintes áreas:

-  **Accésit á mellor iniciativa en residuos e economía circular**, dirixido a retos relacionados coa prevención de residuos, a reciclaxe, a compostaxe, a reutilización de materiais e o consumo responsable.

O premio consistirá nunha **visita guiada a SOGAMA**, como experiencia educativa vinculada á xestión dos residuos.

-  **Accésit ao mellor reto de natureza e medio ambiente**, que incluírá iniciativas relacionadas coa biodiversidade, a conservación da natureza, a auga, a enerxía, a mobilidade sostible e a promoción de hábitos de consumo responsable vencellados ao coidado do medio ambiente e do territorio.

O premio consistirá nunha **visita guiada interpretativa a un espazo natural protexido de Galicia**, escollido entre a rede de **Parques Naturais ou Monumentos Naturais**, en función da temática do reto e da dispoñibilidade.

11 Calendario

O concurso **Mans á Terra!** desenvolverase ao longo do presente curso escolar, segundo o calendario xeral recollido no **cronograma do concurso**, que se achega como documento de referencia.

De maneira orientativa, establécense os seguintes fitos principais:

- O prazo de inscrición das aulas abrírase ao comezo do segundo trimestre e manterase aberto durante os meses de febreiro, marzo e abril.
- A entrega da documentación final dos retos realizarase ata o **22 de maio**.
- A avaliación dos proxectos e as presentacións dos grupos finalistas terán lugar durante a semana do **25 ao 29 de maio**.
- O anuncio oficial dos grupos gañadores realizarase o **1 de xuño**.
- As actividades premio, incluíndo a estancia en granxa escola con pernocta e as saídas correspondentes aos accésits, desenvolveranse entre o **1 e o 19 de xuño**, coincidindo co peche do curso escolar.

As datas concretas e os detalles organizativos de cada fase serán comunicados oportunamente pola organización aos centros participantes.

Táboa 1. Cronograma de desenvolvemento do concurso “Mans á Terra!”

Fase	Febreiro	Marzo	Abril	Maio	Xuño
Lanzamiento e inscrición	■	■	■	■	
Revisión e aceptación das candidaturas		■	■	■	
Desenvolvemento do reto e acompañamento		■	■	■	
Entrega da documentación final				■	
Avaliación e selección de finalistas					■
Resolución e execución dos premios					■

O calendario poderá sufrir pequenos axustes por causas organizativas, que serán comunicados aos centros participantes coa debida antelación.

12 Difusión e autorización de imaxes

A participación no concurso implica a autorización para a difusión do proxecto a través de redes sociais, páxina web e medios de comunicación, así como para o uso de imaxes, vídeos e materiais audiovisuais nos que poida aparecer o alumnado participante, sempre con fins divulgativos e educativos.

Os centros educativos participantes deberán dispoñer das autorizacións correspondentes das familias ou titores legais, de acordo coa normativa vixente en materia de protección de datos e dereitos de imaxe.

13 Outras disposicións

13.1 Interpretación das bases

A organización resérvase o dereito de interpretar as presentes bases, así como de resolver calquera dúbida ou situación non prevista que poida xurdir durante o desenvolvemento do concurso.

13.2 Renuncia ou desistencia

No caso de que algún grupo seleccionado renuncie á súa participación ou non poida continuar no concurso, a organización poderá substituílo polo seguinte grupo mellor valorado, de acordo cos criterios de avaliación establecidos.

13.3 Axustes organizativos

O calendario e o desenvolvemento das actividades poderán sufrir pequenos axustes por causas organizativas, que serán comunicados aos centros participantes coa debida antelación.

14 Contacto e acompañamento

Para dúbidas, consultas ou para validar previamente unha idea de reto, os centros poden contactar coa organización a través o seguinte correo: concellos@permaeser.com ou no número de teléfono 881 053 655.

A organización acompañará aos centros durante o proceso sempre que o precisen.

15 Protección de datos

De conformidade co disposto no Regulamento (UE) 2016/679, Xeral de Protección de Datos (RXPD), e na Lei orgánica 3/2018, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPDGDD), infórmase de que os datos persoais facilitados con motivo da participación no concurso **Mans á Terra!** serán tratados por **PERMAE SER, S.L.**, coa finalidade de xestionar a inscrición, o desenvolvemento do concurso, a avaliación dos proxectos presentados, a comunicación cos centros educativos participantes e, de ser o caso, a difusión dos resultados e das actividades vinculadas ao concurso.

Os datos tratados poderán incluír información identificativa e de contacto do centro educativo e do profesorado responsable, así como materiais gráficos ou audiovisuais do proxecto, sempre con fins educativos, divulgativos e non comerciais.

A base xurídica do tratamento é o consentimento outorgado mediante a participación no concurso, así como o cumprimento das obrigas derivadas da súa organización.

Os datos conservaranse durante o tempo necesario para a correcta xestión do concurso e, posteriormente, durante os prazos legalmente esixidos. Non se cederán datos a terceiros, agás obriga legal ou cando resulte estritamente necesario para o desenvolvemento das actividades premio.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación do tratamento, portabilidade e oposición ou revogación do consentimento, sempre que se cumpran os requisitos establecidos na normativa vixente, dirixindo a súa solicitude por escrito a **PERMAE SER, S.L.**, no enderezo postal **Rúa Costa do Pincho, 47, Baixo esquerda, 15175 Carral (A Coruña)**, ou a través do correo electrónico **info@permaeser.com**.

No caso de que se acheguen imaxes ou vídeos nos que apareza alumnado menor de idade, os centros educativos participantes declaran dispoñer das autorizacións correspondentes das familias ou titores/as legais, de acordo coa normativa vixente en materia de protección de datos e dereitos de imaxe.